



O concelleiro nacionalista, Antonio Araújo ,acusa ao alcalde Ferando Guitián de non cumprir a resolución plenaria que obriga a exposición pública do PXOM e a constitución dunha equipa técnica encargada de asesorar aos veciños.Â Lembra Araújo que no pleno do pasado 3 de febreiro, ademais de solicitar a exposición pública coma borrador do PXOM durante tres meses, a partires da publicación do acordo no BOP, sobre todo, facíase fincapé na necesidade de que a devandita exposición pública fose acompañada dunha equipa técnica que lle explicase aos veciños (e ás entidades veciñais) polas parroquias o PXOM e como facer as suxestións ao mesmo. "A maiores habería que constituir un grupo de traballo veciños-goberno-corporación e técnicos para unha vez rematado o prazo de exposición pública valorase as achegas presentadas co obxecto da súa incorporación ", engade.

Antonio Araújo: "O goberno do PP de Gondomar pasa do PXOM".

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Xoves, 23 Abril 2015 12:08

Acusa que "ben sexa por incapacidade política para xestionar nada que teña que ver cos intereses de Gondomar e da veciñanza, ou ben sexa porque botaron as contas e non lles resulta rendíbel electoralmente, o certo é que o goberno municipal do PP de Gondomar unha vez máis pasa de xestionar o PXOM".

Sinala ao alcalde que ese acordo plenario foi tomado por unanimidade, nun pleno extraordinario convocado a tal efeto por toda a oposición municipal. *"Pois ben, despois despois de pasados dous meses da toma do acordo polo pleno, o anuncio foi publicado no BOP o pasado 7 de abril, sen que até agora se coformase a devandita equipa de información, sen que se programasen as visitas ás parroquias, sen que se lle informase aos veciños e ás asociacións veciñais pola prensa, web, ou un Bando Municipal, etc deste feito tan importante. A día de hoxe en Gondomar son moi poucas as persoas que saben disto",* advirte o candiato á alcaldía polo Manifesto Miñor.

Nese senso dende o Manifesto Miñor instan *"á toda veciñanza de Gondomar a se interesar por este asunto, e por ser o Alcalde o responsable de semellante desleixo, a se dirixir á Alcadía a pedir explicacións de cómo está este asunto".*

"Se o PP entende que exposición pública do PXOM dálle menos votos que a política de chapapote e de clientelismo, é o seu problema. A súa obriga e atender e xestionar aqueles asuntos de interes xeral para o Concello e para o conxunto da cidadanía....que para iso cobra unha boa adicación exclusiva, tanto el como case a totalidade do seu grupo de goberno", conclúe Araújo.